

DÍA DO PIXAMA

“Ao cole en pixama”

20 DE NOVIEMBRE

Polo dereito de todos os nenos, nenas e adolescentes a medrar en familia!

Obxectivo. Crear cultura de acollemento

O "Día do Pixama", é unha actividade solidaria, lúdica e educativa, na que os protagonistas son os nenos e nenas que dan visibilidade a outros nenos e nenas baixo o lema **"todo/a neno/a ten dereito a medrar en familia"**.

Realízase cada ano o día 20 de novembro, coincidindo coa aprobación da Convención Internacional dos Dereitos do Neno e a Nena, co obxectivo de dar visibilidade e sensibilizar sobre **o dereito a medrar en familia** de todos os nenos, nenas e adolescentes. Actualmente, en España hai **case 17.000 nenos e nenas que crecen en centros residenciais**, moitos deles esperan unha familia que os acolla no seu fogar.

Este ano, o acto principal nos colexios, institutos e escolas infantís celebrarase o luns 201e novembro, coincidindo coa xornada lectiva. Para iso, o alumnado de Educación Infantil e Primaria acudirá este día **ao centro educativo en pixama**, unha prenda que pretende simbolizar o tempo en familia e a importancia do mesmo para asentar os alicerces dunha infancia feliz. Ademais, durante esa xornada, nos diferentes niveis educativos desenvolveranse **actividades relacionadas coa importancia da familia**, dando a coñecer o acollemento familiar como recurso que ofrece aos menores separados das súas familias biolóxicas a posibilidade de medrar con outra familia que os acolle, acompaña e quere, durante o tempo que sexa necesario.

EXPERIENCIA EDUCATIVA

O Día do Pixama é unha gran experiencia educativa con tres **compoñentes**: solidaria, educativa e lúdica.

- É un día que **promove a escola de valores**, fomentando a solidariedade, á vez que permite conectar familia e escola poñendo en valor a importancia da familia.
- É un día **educativo** que axuda aos nenos e nenas a identificar e expresar sentimentos, emocións e vivencias, á vez que ofrece a posibilidade de traballar a diversidade permitindo ao alumnado empatizar con outras realidades familiares e coñecer alternativas familiares diferentes.
- É un día **divertido** que favorece o xogo espontáneo e permite vivir a escola de forma diferente.

ESTRATEGIAS

Para mellorar a riqueza educativa da iniciativa, o Día do Pixama debe ser planificado con antelación e involucrar ás familias. Desta forma, o Día do Pixama constitúese como o resultado final de semanas previas de traballo na aula nas que pode aproveitarse para falar sobre os dereitos do neno e, entre eles, o dereito a crecer en familia.

Como exemplo dalgunhas actividades que poden levar a cabo inclúense a lectura de contos sobre acollemento, o visionado de películas, concurso de relatos ou debuxos, foros de debate, etc. Desde ASEAF encargámonos de proporcionar a todos os centros educativos propostas de contos, unidades didácticas e actividades que poden utilizarse para traballar sobre a temática. Así mesmo, para traballar sobre a diversidade familiar facilitáremosvos un documento con cuestións a ter en conta, actividades a reconsiderar ou ferramentas para abordar situacións que poden darse ao falar sobre as diferentes realidades familiares, en caso de existir menores acollidos, xa sexa en acollemento familiar ou residencial, ou adoptados na aula.